

**PROTOCOLO DE
ACTUACIÓN
CONTRA A VIOLENCIA
NA INFANCIA E NA
ADOLESCENCIA NO
ÁMBITO EDUCATIVO**



**XUNTA
DE GALICIA**



ÍNDICE

PÁX.

1.	INTRODUCCIÓN	02
1.1.	Contextualización	
1.2.	Marco normativo	
2.	PREVENCIÓN	08
2.1.	Medidas de prevención dentro do centro educativo	
2.2.	Medidas de prevención coas familias	
3.	DEFINICIÓN E TIPOS	13
4.	DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO	17
4.1.	Intervención coa alumna ou alumno	
4.2.	Indicadores	
4.3.	Comunicación	
4.4.	Información ás familias	
4.5.	Medidas de intervención psicoeducativa	
4.6.	Seguimento	
5.	FLUXOGRAMA	24
6.	GLOSARIO	26
7.	BIBLIOGRAFÍA	28
8.	CONTACTOS DE INTERESE	30
9.	ANEXOS	32

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Contextualización
- 1.2. Marco normativo



1. INTRODUCCIÓN

1.1. Contextualización

1.2. Marco normativo

1.1. CONTEXTUALIZACIÓN

A contorna escolar é un espazo clave para a detección temperá de distintos tipos de violencia dos que poden ser vítimas as nenas, nenos e adolescentes, xa que o persoal educativo mantén un contacto frecuente con eles.

Contar cun protocolo específico neste ámbito, permite establecer mecanismos claros para a prevención, detección e intervención en casos de violencia, asegurando unha resposta rápida e eficaz. A súa implementación facilitará a actuación coordinada do persoal educativo, evitando a improvisación e garantindo que cada paso dado estea orientado á protección do menor. Ademais, un protocolo ben estruturado axuda a protexer os dereitos da infancia, asegurando que todas as accións teñan un enfoque baseado nos Dereitos Humanos priorizando así o interese superior do neno ou a nena.

Un aspecto fundamental da súa utilización será a redución da revitimización, xa que un procedemento claro evita que persoas menores teñan que relatar a súa experiencia en múltiples ocasións, o que podería xerar un impacto emocional negativo. Así mesmo, facilitará a colaboración con outras institucións e servizos especializados, como os servizos sociais, sanitarios e de protección da infancia, promovendo unha abordaxe integral de cada caso. Finalmente, contribuirá á creación dunha contorna escolar segura e protectora, onde se promovan o respecto, a seguridade e o benestar de todas as persoas menores. Máis aló da resposta ante casos de violencia, un protocolo ben deseñado reforza unha cultura de prevención e protección, consolidando á escola como un espazo libre de violencia no que a infancia e a adolescencia poidan desenvolverse plenamente.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Contextualización


1.2. Marco normativo

Para protexer a unha nena, neno ou adolescente maltratado e brindarlle a el ou a ela e á súa familia o apoio necesario para cambiar a súa situación, é esencial que alguén detecte o que está a ocorrer. En xeral cando sofren malos tratos ou desprotección non son capaces de pedir axuda. Ademais, en moitos casos, os pais, nais ou persoas titoras ou gardadoras legais non informan sobre a situación, xa sexa por estar implicados directamente ou por temor ás consecuencias.

A violencia infantil abarca calquera forma de malos tratos ou abuso que afecte a persoas menores de idade, xa sexa físico, emocional, sexual ou por negligencia. Isto inclúe agresións físicas como golpes ou empuxóns, malos tratos emocionais como humillacións ou ameazas, abuso sexual como explotación ou agresión, e negligencia na atención das súas necesidades básicas. As súas consecuencias poden ser gravemente prexudiciais, afectando ao desenvolvemento físico, emocional e psicolóxico de nenas, nenos e adolescentes, con impacto tanto a curto como a longo prazo. Así mesmo a violencia infantil non só ocorre no ámbito familiar, senón tamén na escola, a comunidade e mesmo na contorna dixital.

A abordaxe deste problema debe facerse de forma coordinada e centrada no interese superior da persoa menor involucrando á familia ou titores legais, a escola e as institucións especializadas para garantir a súa protección, benestar e desenvolvemento integral.

Co fin de que toda a comunidade educativa teña a información necesaria para proceder ante posibles situacións de desprotección e/ou de calquera forma de violencia física, psicolóxica, emocional ou sexual, publícase o Protocolo de actuación contra a violencia na infancia e na adolescencia no ámbito educativo.



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Contextualización

1.2. Marco normativo

1.2. MARCO NORMATIVO

A NIVEL INTERNACIONAL

- A **Convención sobre os Dereitos do Neno**, adoptada en 1989 e ratificada por España en 1990, reconece o dereito fundamental dos menores a crecer libres de violencia, abuso e negligencia. O seu artigo 19 establece que os Estados deben adoptar todas as medidas necesarias para protexer a infancia contra calquera forma de malos tratos, tanto no ámbito familiar como no escolar e comunitario. A **Observación Xeral nº 13 (2011) do Comité dos Dereitos do Neno** establece que calquera medida contra o maltrato infantil debe basearse na prevención, na educación afectiva e na intervención rápida ante sinais de risco, reforzando o papel das escolas, os servizos sociais e os profesionais sanitarios na detección temperá.
- O **Convenio de Lanzarote, asinado polo Consello de Europa en 2007, instrumento de ratificación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual (2010)**, é o primeiro tratado internacional que obriga os Estados a loitar contra o abuso sexual infantil. Recoñece que os menores poden ser vítimas de violencia dentro das súas propias familias, escolas ou comunidades, e establece a necesidade de formar profesionais da educación para detectar signos de abuso.
- O **Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica asinado en Estambul (2011)**, en vigor desde 2014, aborda a violencia de xénero e reconece que os menores que medran en contornas de violencia doméstica son tamén vítimas directas. Sinala que o persoal educativo debe recibir formación sobre a detección e abordaxe da violencia dentro e fóra da escola.



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Contextualización

1.2. Marco normativo

A NIVEL ESTATAL



- **A Constitución Española, no seu artigo 39**, recoñece que a protección da infancia é unha prioridade do Estado, asegurando a súa seguridade e benestar. Este artigo serve de base para toda a lexislación española nesta materia, garantindo que as administracións públicas teñan a obriga de intervir ante calquera situación de risco para os menores.
- **Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor** establece no seu artigo 13 que os profesionais que, no exercicio da súa actividade, teñan coñecemento dunha situación de malos tratos ou violencia cara a un menor están obrigados a comunicalo inmediatamente ás autoridades competentes.
- **A Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia (LOPVI)** establece un marco de prevención, detección e intervención ante toda forma de violencia contra menores, incluíndo maltrato, abuso, acoso escolar, ciberacoso e violencia de xénero. No ámbito educativo, promove a creación de protocolos de actuación ante situacións de risco, mentres que o artigo 36 introduce a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia, así como que o profesorado reciba formación específica en prevención e resposta ante o maltrato infantil e adolescente.
- **A Lei Orgánica 2/2006, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE)**, reforza a educación en valores como a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, establecendo a necesidade de mecanismos para previr e detectar situacións de maltrato dentro dos centros escolares. Promove que o alumnado poida «recoñecer toda forma de maltrato, abuso sexual, violencia ou discriminación, e reaccionar fronte a ela».



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Contextualización

1.2. Marco normativo

A NIVEL AUTONÓMICO

- **A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia**, establece a obriga das administracións públicas galegas de intervir ante situacións de maltrato infantil e adolescente. Recoñece a importancia da prevención no ámbito educativo e social, así como a necesidade de protocolos que aseguren a detección precoz de casos de violencia contra menores.
- **A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa** establece o marco normativo para garantir a convivencia segura nos centros educativos galegos, abordando por primeira vez o acoso escolar e o ciberacoso como problemas que requiren prevención e intervención específica. Recoñécese o dereito do alumnado á protección integral fronte á violencia, esixindo aos centros medidas activas para previr, detectar e actuar ante situacións de maltrato dentro do ámbito escolar.
- **O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011** este decreto reforza a prevención e intervención ante o maltrato infantil e adolescente nos centros educativos. No artigo 12, establece que o plan de convivencia escolar debe incluír medidas para previr, detectar e eliminar a violencia, con especial atención ao acoso escolar. Ademais, promóvese a formación do profesorado para actuar de forma eficaz ante situacións de risco.
- **A Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia**, recolle a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros educativos para reforzar a protección do alumnado fronte ao maltrato. A súa función principal é supervisar a aplicación dos protocolos de prevención e actuación ante a violencia, garantir a detección temperá de sinais de maltrato e asesorar ao profesorado na intervención ante situacións de risco.



2. PREVENCIÓN

- 2.1. Medidas de prevención dentro do centro educativo
- 2.2. Medidas de prevención coas familias



2. PREVENCIÓN

- 2.1. Medidas de prevención dentro do centro educativo
- 2.2. Medidas de prevención coas familias




2. PREVENCIÓN

A prevención é unha cuestión fundamental a desenvolver no ámbito educativo, xa que permite actuar de maneira anticipada para evitar a aparición de situacións de violencia. As accións de tipo preventivo deben realizarse dende os diferentes contextos nos que se desenvolve a persoa menor, constituíndo o centro educativo un marco privilexiado para compensar as desigualdades e previr desaxustes persoais e sociais. Polo tanto é aconsellable desenvolver de forma transversal actuacións encamiñadas a sensibilizar á comunidade educativa no seu papel protector coas persoas menores para contribuír na mellora do seu benestar emocional.

Estas medidas deben de ser priorizadas dentro da dinámica do centro xa que a súa implementación e continuidade aumentarán as posibilidades de que as nenas, nenos e adolescentes atopen no centro un espazo seguro e de confianza para poder pedir orientación e axuda no caso de estar a sufrir algún tipo de violencia.

Estas actuacións deben ir encamiñadas a:



2. PREVENCIÓN

2.1. Medidas de prevención dentro do centro educativo

2.2. Medidas de prevención coas familias

2.1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DENTRO DO CENTRO EDUCATIVO

- **Axudar a identificar persoas e lugares seguros dentro do centro.**

A persoa coordinadora de benestar e convivencia será a figura de referencia das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna. Deste xeito deberase identificar ante o alumnado, profesorado e, en xeral, ante a comunidade educativa.

É fundamental determinar un espazo específico dentro do centro educativo onde os estudantes poidan sentirse seguros e apoiados para poder expresar os seus problemas. Este lugar debe cumprir con certas características como a confidencialidade, a accesibilidade e o apoio emocional. Ao garantir estes aspectos, créase un ambiente propicio para que as alumnas e os alumnos se abran sen temor, facilitando a intervención temperá e o acompañamento adecuado ante unha posible situación de vulnerabilidade.

- **Promoción da confianza para pedir axuda sen medo.**

A través de charlas informativas transmitirase ao alumnado que se teñen algún problema sempre serán escoitados e recibirán apoio. O obxectivo é o de crear un ambiente de confianza para que o alumnado non teña medo a falar e que sinta o centro educativo como un lugar onde estar protexido.

- **Impulso da formación do profesorado sobre aspectos relacionados coa violencia contra a infancia.**

É fundamental que o profesorado dispoña das ferramentas adecuadas para identificar situacións de alta vulnerabilidade no alumnado, permitíndolles realizar unha primeira intervención que facilite a súa detección e o apoio necesario.

Para dar resposta á necesidade de formación continua neste ámbito favorecerase a participación en actividades formativas a través dos plans de formación permanente do profesorado (PFPP).

- **Traballar sobre aspectos relacionados coa intelixencia emocional recursos e estratexias vinculadas ao equilibrio e ao benestar emocional, dentro dunha contorna participativa, de comunicación e apoio.**

ÍNDICE

2. PREVENCIÓN

2.1. Medidas de prevención dentro do centro educativo

2.2. Medidas de prevención coas familias

No contexto escolar, é esencial proporcionar recursos e estratexias que favorezan un benestar emocional óptimo, creando un ambiente participativo onde a comunicación aberta e o apoio mutuo sexan clave.

Na Guía para o desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional atoparanse actividades para desenvolver estes aspectos.



https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_desenvolvemento_plan_benestar_.pdf

- **Celebracións de conmemoracións específicas**

No marco das celebracións de conmemoracións específicas no centro educativo, como por exemplo o Día Internacional da loita contra o maltrato infantil, o Día Internacional da infancia, o Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e o Día Escolar da non Violencia e da Paz, sería conveniente promover espazos de reflexión e aprendizaxe orientados a fortalecer valores como o respecto, a empatía e a protección. Estas datas representan unha oportunidade valiosa para desenvolver actividades que sensibilicen á comunidade educativa sobre a importancia de previr as situacións de violencia contra a infancia e a adolescencia, fomentar contornas seguras e protexer os dereitos da infancia. Desta maneira, as conmemoracións non só cumpren un rol formativo e cultural, senón que tamén se converten nunha estratexia pedagóxica clave para a prevención do abuso e a promoción do benestar integral dos estudantes.

- **Participación en programas educativos**

A participación activa en programas educativos que fomenten a convivencia e o benestar emocional permite que o alumnado, docentes e familias se involucren en procesos formativos que fortalecen o respecto, a empatía e a cultura do bo trato. Ao participar nestes programas, xéranse oportunidades para identificar sinais de alerta, promover a comunicación asertiva e fomentar relacións saudables dentro e fóra da contorna escolar. Ademais, fortalécese o compromiso de toda a comunidade educativa na construción de ambientes seguros e protectores, onde os dereitos de nenas, nenos e adolescentes sexan recoñecidos, respectados e defendidos.

2. PREVENCIÓN

2.1. Medidas de prevención dentro do centro educativo

2.2. Medidas de prevención coas familias

2.2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN COAS FAMILIAS

Unha das problemáticas máis relevantes ao intervir coas familias é que, nos casos de violencia contra á infancia, ditas situacións poden ocorrer dentro do propio núcleo familiar. Por esta razón, as accións preventivas deben centrarse prioritariamente en sensibilizar ás familias acerca do que constitúe un bo trato na infancia. Neste proceso, o centro educativo convértese nun recurso accesible e eficaz para chegar ás familias.

Algunhas actuacións que se poden levar a cabo son:

- **Desenvolvemento de actividades cos pais/nais ou persoas titoras ou gardadores legais:**
 - Obradoiros sobre crianza e disciplina positiva.
 - Formación en intelixencia emocional e comunicación afectiva cos fillos/as.
 - Adestramento en estratexias para detectar e manexar o estrés parental e os conflitos familiares.
 - Realización de entrevistas periódicas coas familias para coñecer o entorno da nena, neno ou da persoa adolescente
- **Seguimento das familias das que se sospeite que poida existir unha posible situación de violencia.**
- **Orientación e recursos de axuda profesional** a aquelas familias que sospeiten que o seu fillo ou filla poida estar a sufrir ou ter sufrido algún tipo de violencia.
- **Establecemento de canles de comunicación efectivos:**
 - Creando un clima de apoio entre centro e familias.
 - Favorecendo e impulsando o uso dos medios de comunicación dos que dispoñen os centros educativos para manter unha comunicación periódica.




3. DEFINICIÓN E TIPOS



3. DEFINICIÓN E TIPOS

A OMS (Organización Mundial da Saúde) define os malos tratos infantís como: *"O abuso e a desatención que afecta a nenos menores de 18 anos e inclúe todo tipo de malos tratos físicos ou emocionais, abuso sexual, desatención, negligencia e explotación comercial ou doutro tipo, que cause un dano real ou potencial á saúde, á supervivencia, ao desenvolvemento ou á dignidade do neno no contexto dunha relación de responsabilidade, confianza ou poder"*.


Esta definición é amplamente utilizada en informes e documentos de organismos internacionais e de institucións de protección da infancia. Os tipos de violencia contra a infancia están definidos en diversas normativas internacionais e nacionais e adopta distintas formas que en ocasións se presentan ao mesmo tempo. A clasificación máis común dos malos tratos infantís baséase nos tipos de abuso recoñecidos por organismos internacionais como a Organización Mundial da Saúde (OMS), UNICEF e a Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN). Esta clasificación inclúe:



1. VIOLENCIA FÍSICA

Toda acción non accidental por parte de nai, pai, persoas titoras ou gardadoras legais que provoque un dano físico ou unha enfermidade ou coloque á persoa menor de idade en situación de risco grave de padecela.

Algúns exemplos: golpes, mordeduras, queimaduras, fracturas, castigos corporais severos...




2. VIOLENCIA EMOCIONAL

Calquera acción, normalmente de tipo verbal ou actitudinal que poida supoñer un dano psicolóxico que afecte ao desenvolvemento dunha autoestima positiva e ao benestar emocional.

Algúns exemplos: actos verbais ou non verbais que rexeitan ou degradan á persoa menor como despregos, insultos, hostilidade, ameazas, humillacións...


3. DEFINICIÓN E TIPOS



3. NEGLIXENCIA

Desatención temporal ou permanente das necesidades físicas e/ou cognitivas básicas da persoa menor por parte dalgún membro do grupo que convive con ela.

Algúns exemplos: descoido nos hábitos básicos de coidado (alimentación, sono, hixiene e sanitarias), nas necesidades educativas (absentismo escolar)...



4. VIOLENCIA SEXUAL

Calquera clase de contacto ou interacción sexual entre un adulto coñecido ou descoñecido ou un familiar. O abuso tamén pode darse entre persoas menores cando unha delas se atopa nunha situación de poder ou control sobre a outra.

Neste tipo de violencia poden darse dúas casuísticas:

- **Violencia sexual sen contacto físico:** exhibicionismo, exposición a material pornográfico, contacto a través de internet con propósito sexual...
- **Violencia sexual con contacto físico:** tocamientos de zonas eróxenas, penetración por calquera vía, mutilacións ou danos físicos, ou intención de causalos, en órganos de claro significado sexual, non aceptación da orientación sexual, identidade de xénero ou características sexuais...

Ademais desta clasificación máis común, existen outros tipos de violencia como:

3. DEFINICIÓN E TIPOS

5. TRASTORNO FACTICIO INFLIXIDO A OUTRO (TFIA)

Os pais/nais, persoas titoras ou gardadoras legais someten á persoa menor a continuas exploracións médicas, subministración de medicamentos ou ingresos hospitalarios, alegando síntomas ficticios ou xerados de maneira activa polo adulto (por exemplo mediante a administración de substancias á propia persoa menor).

6. VIOLENCIA INSTITUCIONAL

Ocorre cando as institucións encargadas da protección infantil incumpren o seu deber ou vulneran os dereitos do menor.

7. VIOLENCIA DE XÉNERO

Calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada.

Inclúese dentro do concepto de **violencia de xénero** a violencia vicaria, entendida esta como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de causarlle maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.

8. INDUCIÓN Á DELINCUENCIA

Utilización da persoa menor para a realización de accións delituosas (por exemplo, transporte de drogas, furtos...).

9. EXPLOTACIÓN ECONÓMICA

Utilización da persoa menor para pedir cartos na rúa ou para atraer a atención dos viandantes.

4. DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO

- 4.1. Intervención coa alumna ou alumno
- 4.2. Indicadores
- 4.3. Comunicación
- 4.4. Información ás familias
- 4.5. Medidas de intervención psicoeducativa
- 4.6. Seguimento



4. DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO


- 4.1. Intervención coa alumna ou alumno
- 4.2. Indicadores
- 4.3. Comunicación
- 4.4. Información ás familias
- 4.5. Medidas de intervención psicoeducativa
- 4.6. Seguimento

4. DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO

Ante a sospeita de que un neno, nena ou adolescente se atope nunha situación de risco é fundamental actuar con dilixencia e responsabilidade para garantir a súa protección. Identificar signos de alerta, como cambios no seu comportamento, signos físicos de malos tratos ou indicadores de negligencia, pode ser clave para prever un dano maior. Nestes casos, resulta imprescindible que os profesionais que traballan con persoas menores comuniquen de inmediato calquera indicio de violencia ás autoridades competentes, conforme á normativa vixente, priorizando sempre o benestar e a seguridade da persoa menor.

Así, a normativa sinala que aquelas persoas que teñen a responsabilidade da asistencia, coidado, ensino ou protección das persoas menores deben comunicar de forma inmediata ás autoridades competentes calquera indicio de violencia, malos tratos ou abuso sexual que detectasen. Isto inclúe a profesionais como educadores, sanitarios, traballadores sociais, entre outros.

Con todo, os docentes non son as figuras responsables de valorar nin de confirmar a existencia dunha situación de violencia exercida sobre unha persoa menor, pero si a de comunicar e activar os mecanismos necesarios para protexela.



ÍNDICE

4. DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO

4.1. Intervención coa alumna ou alumno

4.2. Indicadores

- 4.3. Comunicación
- 4.4. Información ás familias
- 4.5. Medidas de intervención psicoeducativa
- 4.6. Seguimento

4.1. INTERVENCIÓN COA ALUMNA OU ALUMNO

Se a persoa menor revela verbal ou simbolicamente (debuxos, escritos,...) unha situación de violencia buscarase un espazo axeitado favorecendo un proceso de escoita activa e confidencial. Esta actuación será realizada polo profesional elixido pola alumna ou alumno non incluíndo a ningunha outra persoa para non cohibir a súa testemuña.

Neste proceso de escoita activa, o profesional que estea coa alumna ou alumno deberá ter en conta as seguintes consideracións:

- Tentar non incluír verbas que poidan desvirtuar o relato.
- Facersoamente as preguntas necesarias para obter a identificación da persoa ou persoas autoras da situación de violencia así como das posibles persoas coñecedoras e/ou encubridoras.
- Manter unha actitude tranquila sen evidenciar emocións negativas como noxo, nerviosismo ou calquera outra que poida interferir no relato.
- Comunicar á persoa menor que se lle vai a facilitar a protección e a axuda necesaria.
-  • Recoller por escrito os indicadores observados tal e como consta no [apartado 4.2](#)
-  • Poñer en coñecemento do equipo directivo esta información para que se inician as actuacións recollidas no [punto 4.3](#)

4.2. INDICADORES

É importante coñecer unha serie de indicadores que nos poidan orientar na detección dunha posible situación de violencia xa que os docentes teñen que estar atentos á presenza de sinais que poidan ser indicativos.

-  Co obxectivo de facilitar esta detección, recóllense no [anexo I](#) deste protocolo unha relación de indicadores que poden guiar esta fase de detección. De todos os xeitos para unha maior información sobre a especificación de indicadores podemos acceder a <https://rumi.benestar.xunta.es/>



ÍNDICE

4. DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO

- 4.1. Intervención coa alumna ou alumno
- 4.2. Indicadores
- 4.3. **Comunicación**
- 4.4. Información ás familias
- 4.5. Medidas de intervención psicoeducativa
- 4.6. Seguimento

4.3 COMUNICACIÓN

Ante calquera indicio ou sospeita de que unha alumna ou alumno poida estar a vivir unha situación de violencia, deberase poñer en coñecemento do equipo directivo do centro. A partires deste momento, e para non revitimizar, soamente se intervirá a través da escoita activa.

Unha vez que o equipo directivo é coñecedor desta posible situación, a persoa responsable da dirección do centro co fin de valorar a gravidade da situación e realizar a comunicación correspondente convocará unha reunión de carácter urxente con:

- A persoa responsable do departamento de orientación
- A persoa coordinadora de benestar e convivencia
- A persoa titora da alumna ou alumno



A valoración e as decisións acadadas nesta reunión quedarán reflectas no modelo de acta establecido no [anexo 2](#) que será remitida aos servizos de inspección para o seu coñecemento.

O procedemento de actuación axustarase segundo o nivel de gravidade determinada, o que dará lugar a dous tipos de comunicación:

1.- Comunicación inmediata: cando se detecte un risco elevado (indicadores que poidan por en risco a integridade da alumna ou alumno tales como lesións físicas, sinais emocionais como medo da volta á casa, ansiedade....), a persoa responsable da dirección do centro comunicará esta situación ás forzas e corpos de seguridade do estado e/ou ao Ministerio Fiscal . ([Modelo de comunicación anexo 3](#))



Ademais contactarase co servizo de emerxencias no caso de que as lesións físicas precisen dunha valoración sanitaria urxente. Con posterioridade realizarase a reunión pertinente recollendo as accións realizadas na acta correspondente. Estas accións serán comunicadas ao servizo de inspección para o seu coñecemento.

ÍNDICE

4. DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO

- 4.1. Intervención coa alumna ou alumno
- 4.2. Indicadores
- 4.3. **Comunicación**
- 4.4. Información ás familias
- 4.5. Medidas de intervención psicoeducativa
- 4.6. Seguimento


2.- Comunicación básica: cando se detecte un risco potencialmente baixo ou non exista a certeza de que a alumna ou alumno estea a sufrir unha situación de violencia, a persoa responsable da dirección do centro comunicará esta situación aos servizos sociais do concello. Ante a sospeita dunha posible situación de desprotección e/ou desamparo comunicárase aos servizos sociais especializados en protección de menores. ([Modelo de comunicación anexo 3](#))



Os servizos sociais, de ser o caso, realizarán a investigación e avaliación da situación notificada polo centro educativo e serán os encargados de tomar as decisións oportunas en cada caso.

O marco normativo reforza a obriga de comunicación para garantir a protección infantil e evitar a impunidade en casos de violencia contra a persoa menor de idade. Todas as comunicacións deberán facerse por escrito. Poderán incorrer en responsabilidades penais os profesionais da educación que incumpran a obriga de comunicar unha situación de violencia exercida sobre unha persoa menor da que tivesen coñecemento.

Este procedemento aplicarase de maneira equivalente no caso de que as sospeitas recaian sobre unha traballadora ou un traballador do centro educativo establecéndose as medidas necesarias para garantir a protección inmediata da alumna ou alumno.



ÍNDICE

4. DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO

- 4.1. Intervención coa alumna ou alumno
- 4.2. Indicadores
- 4.3. Comunicación
- 4.4. Información ás familias**
- 4.5. Medidas de intervención psicoeducativa**
- 4.6. Seguimento

4.4. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Nos casos nos que se confirme que as persoas agresoras e/ou persoas encubridoras non pertencen á contorna familiar ou de convivencia nin son figuras parentais, o centro educativo comunicará á familia as accións levadas a cabo. Neste momento é conveniente recomendarlle ás familias que non pregunten detalles do acontecido á persoa menor co fin de non causar un dano maior.

Nesta comunicación terase en conta:

- Os indicadores detectados
- As actuacións desenvolvidas

A lei establece que todas as persoas que, en razón do seu cargo ou profesión, teñan contacto con persoas menores deben comunicar de inmediato calquera indicio de violencia contra nenos, nenas ou adolescentes, sen necesidade do consentimento dos pais/nais ou persoas titoras. Isto inclúe a docentes, persoal sanitario, forzas de seguridade, traballadores sociais, entre outros. [*\(Artigo 16 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia\).*](#)



4.5. MEDIDAS DE INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA

Paralelamente desde o centro educativo desenvolveranse outras actuacións que garantan o benestar da alumna ou alumno e favorezan o seu proceso educativo:

- Traballar estratexias que melloren o benestar emocional fomentando espazos de diálogo onde o alumnado poida expresar libremente os seus medos e inquedanzas. Terase en conta a situación da persoa menor no seu grupo de referencia co fin de valorar a necesidade dunha intervención a nivel de aula de ser o caso.
- Facer os axustes metodolóxicos e curriculares necesarios para atender as necesidades educativas que xurdan neste proceso tendo en conta a normativa vixente de atención á diversidade.

Neste momento, e de considerarse necesario, poderá solicitarse a intervención do Equipo de Orientación Específico.

ÍNDICE

4. DETECCIÓN E COMUNICACIÓN DUNHA SITUACIÓN DE RISCO

- 4.1. Intervención coa alumna ou alumno
- 4.2. Indicadores
- 4.3. Comunicación
- 4.4. Información ás familias
- 4.5. Medidas de intervención psicoeducativa

4.6. Seguimento

4.6. SEGUIMIENTO

O seguimento da alumna ou alumno presuntamente afectada/o levarase a cabo dentro do centro educativo a través da figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia garantindo sempre discreción e confidencialidade.

É aconsellable que desde o centro educativo se leve un rexistro das actuacións desenvolvidas como respaldo de que o centro actuou con dilixencia e en cumprimento coas normativas de protección infantil.


A coordinación interinstitucional (servizos sociais, sanitarios, forzas e corpos de seguridade do estado, fiscalía etc) é fundamental para garantir unha intervención positiva. Neste sentido é necesario que haxa unha comunicación fluída entre o centro educativo e os demais axentes que estean implicados no caso co obxecto de garantir que as medidas adoptadas sexan efectivas e sostibles.

O centro educativo debe ofrecer un ambiente seguro e de apoio para a persoa menor, brindándolle atención emocional e asegurándose de que o seu desenvolvemento académico e persoal non se vexa afectado negativamente pola situación.





5. FLUXOGRAMA





6. GLOSARIO

A **Apoio psicológico:** asistencia emocional e terapéutica proporcionada ás vítimas de situacións de violencia para axudarlles a recuperarse e afrontar as secuelas do abuso.

C **Comunicación:** proceso de informar ás autoridades competentes sobre sospeitas de situacións de violencia nas que se poida atopar unha persoa menor, co fin de que se tomen as medidas adecuadas para garantir a súa protección.

D **Dereitos do neno:** principios establecidos na Convención sobre os Dereitos do Neno, que garantan o respecto pola dignidade e benestar de todos os nenos e nenas.

Desamparo (situación de desamparo): a situación de desamparo é unha situación de desprotección que se produce a causa do incumprimento, ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material.

E **Educación na prevención:** programas e actividades deseñados para informar a nenas, nenos, familias e educadores sobre os malos tratos infantís e como previlo.

I **Intervención:** accións tomadas para abordar e resolver situacións de violencia, que poden incluír a comunicación ás autoridades competentes e a provisión de apoio á vítima.

N **Neglixencia:** falta de atención ou coidado que resulta un dano ou risco para a saúde e o benestar da persoa menor, como non proporcionar alimentos, atención médica ou supervisión adecuada.

P **Protección infantil:** conxunto de medidas e políticas destinadas a garantir a seguridade e o benestar das nenas e nenos, previndo e respondendo a situacións de violencia.

R **Rede de apoio:** conxunto de recursos e servizos dispoñibles para axudar ás vítimas de malos tratos infantís, incluíndo servizos sociais, psicolóxicos e legais.

S **Sinais de alerta:** indicadores ou comportamentos que poden suxerir que unha nena, neno ou adolescente está a ser vítima de violencia, como cambios no comportamento, problemas de rendemento escolar ou lesións inexplicables.

V **Violencia de xénero:** calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicológico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada.

Inclúese dentro do concepto de **violencia de xénero** a violencia vicaria, entendida esta como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de causarlle maior dano psicológico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.

Violencia emocional: comportamentos que afectan negativamente a saúde emocional e psicolóxica dunha nena, neno ou persoa adolescente, como a humillación, o rexeitamento, a ameaza ou a manipulación.

Violencia física: calquera acto que cause dano físico a unha persoa menor, como golpes, queimaduras, ou calquera outro tipo de violencia física.

Violencia intrafamiliar: actos de violencia que ocorren dentro do fogar e que poden afectar as persoas menores directamente ou pola súa exposición á violencia entre adultos.

Violencia sexual: calquera actividade sexual cunha persoa menor, xa sexa a través de contacto físico ou non, que implique coerción, manipulación ou explotación.



Barudy, J., & Dantagnan, M. (2005). *Los buenos tratos a la infancia: Parentalidad, apego y resiliencia*. Barcelona: Gedisa Editorial.

Cantón, J., & Cortés, M. R. (1997). *Malos tratos y abuso sexual infantil*. Madrid: Siglo XXI.

Cantón, J., & Cortés, M. R. (2000). *Guía para la evaluación del abuso sexual infantil*. Madrid: Pirámide.

Cyrułnik, B. (2001). *Los patitos feos: La resiliencia. Una infancia infeliz no determina la vida*. Barcelona: Gedisa Editorial.

González, E. (2010). *La detección del abuso sexual infantil: Criterios, dificultades y retos*. Lisboa: Juruá Editora.

López, F. (1999). *La inocencia rota: Abusos sexuales a menores*. Barcelona: Océano.

López, F. (2008). *Necesidades en la infancia y en la adolescencia: Respuesta familiar, escolar y social*. Madrid: Pirámide.

Martínez de Mandojana, I. (2017). *Profesionales portadores de oxitocina: Los buenos tratos profesionales*. Madrid: El Hilo. Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. (2022, diciembre). *Estrategia de erradicación de la violencia sobre la infancia y la adolescencia*. Madrid.

Ministerio de Sanidad. (2023). *Protocolo común de actuación sanitaria frente a la violencia en la infancia y la adolescencia*. Madrid.

Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. (2021). *Valora Galicia: Instrumento para a valoración da gravidade das situacións de desprotección infantil nos servizos sociais especializados en protección de menores na Comunidade Autónoma de Galicia*. Santiago de Compostela.



FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

Emerxencias - 112
Policía Nacional - 091
Garda Civil - 062
Policía Local - 092

FISCALÍAS DE ÁREA

Fiscalía Provincial de A Coruña

A CORUÑA

email: fiscalia.coruna@xustiza.gal
teléfono: 981 185 870 / 881 881 159

FERROL

email: fiscalia.ferrol@xustiza.gal
teléfono: 981 337 360

SANTIAGO DE COMPOSTELA

email: fiscalia.santiago@xustiza.gal
teléfono: 981 540 384

Fiscalía Provincial de Lugo

email: fiscalia.lugo@xustiza.gal
teléfono: 982 294 846

Fiscalía Provincial de Ourense

email: fiscalia.ourense@xustiza.gal
teléfono: 988 688 143

Fiscalía Provincial de Pontevedra

PONTEVEDRA

email: fiscalia.pontevedra@xustiza.gal
teléfono: 986 805 732

VIGO

email: fiscalia.vigo@xustiza.gal
teléfono: 986 817 432

SERVIZOS DE FAMILIA E MENORES

Departamento Territorial de A Coruña

981 185 706 / 981 185 730

Departamento Territorial de Lugo

982 294 367 / 982 294 442

Departamento Territorial de Ourense

988 386 584 / 988 386 122

Departamento Territorial de Pontevedra

986 817 063 / 986 817 393

EQUIPOS TÉCNICOS DE MENORES

A Coruña 981 185 743

Lugo 982 294 879

Ourense 988 386 680

Pontevedra 986 817 791



ANEXO 1: INDICADORES

En caso de presentarse algún destes indicadores xunto con outra información adicional é conveniente considerar a existencia de posibles riscos e así facer a comunicación oportuna. Non constitúen unha listaxe de comprobación senón que hai que enténdelos como unha axuda para identificar unha posible situación de violencia. Para unha maior información sobre a especificación de indicadores:



<https://rumi.benestar.xunta.es/>

Marque cunha aspa as características físicas e de comportamento que teña observado no alumno/a.

INDICADORES FÍSICOS

	SI	NO
1 Marcas ou sinais no corpo ou cara como mazaduras, rabuñadas ou negróns	☐	☐
2 Aparición de lesións externas tipo torceduras, cortes... para as que non parece haber unha explicación clara ou consistente	☐	☐
3 Falta reiterada de hixiene	☐	☐
4 Aparición de dores aos que non se lles atopa unha explicación clara	☐	☐
5 Lesións por repetidos accidentes domésticos	☐	☐
6 A persoa menor de idade comenta que exercen a violencia física para educala ou reconducir o seu comportamento	☐	☐
7 Manifestación verbal de que algún membro adulto da súa familia exerceu agresión física sobre a súa persoa	☐	☐
8 Queixas reiteradas de que non se alimentan adecuadamente (acoden ao centro sen almorzar, quéixase de que non fai todas as comidas...)	☐	☐
9 Cambios significativos no nivel de actividade (hipo/hiperactividade)	☐	☐

INDICADORES EMOCIONAIS

	SI	NO
1 Cansazo acusado e reiterado	☐	☐
2 Apatía	☐	☐
3 Aumento da irritabilidade	☐	☐
4 Labilidade emocional (cambios bruscos do estado anímico)	☐	☐
5 Mantén unha actitude de hipervixiancia	☐	☐
6 Asústase con facilidade	☐	☐
7 Desenvolve medos irracionais que antes non existían	☐	☐
8 Aparecen dificultades de aprendizaxe de forma repentina	☐	☐
9 Manifesta que non quere volver á súa casa	☐	☐
10 Despois da fin de semana acode ao centro máis triste e/ou irascible	☐	☐
11 Négase a falar da súa familia	☐	☐
12 Trazos dissociativos (ausencias, amnesias, desconexión)	☐	☐
13 Exceso ou defecto de empatía	☐	☐

INDICADORES CONDUTUAIS

	SI	NO
1 Cambios bruscos da conduta	☐	☐
2 Aparición de comportamentos regresivos	☐	☐
3 Aparición de alteracións na conduta alimentaria	☐	☐
4 Aparición de condutas de ideación suicida	☐	☐
5 Aparición de autolesións	☐	☐
6 Condutas de apego inadecuadas a figuras que lle prestan atención	☐	☐
7 Rexeitamento ao contacto físico	☐	☐
8 Aumento das faltas da asistencia ao centro educativo sen que haxa unha xustificación clara	☐	☐
9 Aparición de condutas hipersexualizadas	☐	☐
10 Condutas agresivas, rabechas persistentes	☐	☐
11 Posúe un coñecemento inadecuado para a súa idade de aspectos de contido sexual	☐	☐
12 Chora sen causa xustificada	☐	☐
13 Tendencia á soidade e illamento	☐	☐
14 Cambios bruscos no rendemento escolar	☐	☐
15 Pide comida de forma reiterada ou cóllea ás agachadas	☐	☐
16 Condutas obsesivas e/ou compulsivas	☐	☐

INDICADORES FAMILIARES

	SI	NO
1 Falta de colaboración ante as peticións do centro escolar	☐	☐
2 Falta de xustificación antes faltas reiteradas de asistencia ou puntualidade	☐	☐
3 Falta de coidados médicos básicos	☐	☐
4 Percibimos a existencia dunha disciplina excesivamente ríxida ou autoritaria	☐	☐
5 Percibimos a existencia de practicas educativas inadecuadas para a idade da persoa menor (soidade, exceso de responsabilidades, inversións de papeis no eido familiar...)	☐	☐
6 Actitude de despreocupación ante as demandas do centro educativo respecto da persoa menor	☐	☐
7 Hábitos e horarios inadecuados	☐	☐
8 Desestruturación familiar	☐	☐
9 Ausencia dunha rede de apoio social e familiar consistente	☐	☐
10 Nais ou pais con alteracións psíquicas importantes	☐	☐
11 Negación de existencia de problemas no ámbito familiar	☐	☐
12 Problemas de adiccións	☐	☐
13 Teñen unhas expectativas demasiado elevadas sobre o seu fillo/a	☐	☐

INDICADORES FAMILIARES

SI NO

14	Antecedentes de condutas violentas	☐	☐
15	Pais/nais abandonados ou institucionalizados dende a súa infancia	☐	☐
16	Móstranse superados pola súa situación e responsabilidades co menor	☐	☐
17	Manifestan falta de recursos para satisfacer as necesidades do menor	☐	☐
18	Atrasos frecuentes nas horas de chegada e recollida do menor	☐	☐
19	Priorizan as súas propias necesidades fronte ás do menor.	☐	☐
20	Restan importancia ás preocupacións ou recomendacións do centro escolar respecto ás necesidades do seu fillo/a	☐	☐

OUTROS INDICADORES

SI NO

1	Verbais (revela a violencia)	☐	☐
2	Non verbais (debuxos, escritos, diario...) que relatan situacións de violencia	☐	☐
3	Testemuño dun familiar ou doutra persoa que informa de ter escoitado á vítima ou de ser testemuña directa de situacións violentas	☐	☐



ANEXO 2: ACTA DE REUNIÓN

Modelo dixitalizado de acta. <https://www.edu.xunta.gal/proens/>

CENTRO EDUCATIVO:

PERSOA
QUE CONVOCA:

PERSOAS CONVOCADAS:

DATA:

HORA:

ORDE DO DÍA:

ACORDOS ACADADOS:

SINATURA DOS ASISTENTES

ANEXO 3: MODELO DE COMUNICACIÓN

Este documento é un instrumento estandarizado para notificar e recoller información sobre unha sospeita de violencia. Non é un cuestionario diagnóstico, a súa información é confidencial.

DATA DE COMUNICACIÓN:		☐ ACTUACIÓN BÁSICA	☐ ACTUACIÓN INMEDIATA
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA NOTIFICANTE			
NOME		APELIDOS	
CARGO		CENTRO	
LOCALIDADE			
PERSONA QUE OBSERVA INDICADORES DE RISCO			
NOME		APELIDOS	
RELACIÓN COA PERSOA MENOR DE IDADE			
LOCALIDADE			
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ALUMNO/A			
NOME		APELIDOS	
CURSO DE ESCOLARIZACIÓN			
LUGAR DE RESIDENCIA DO MENOR			
LOCALIDADE			
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA FAMILIA			
NOME E APELIDOS DO PAI/TITOR/GARDADOR LEGAL:			
NOME E APELIDOS DA NAI/TITORA/GARDADORA LEGAL:			
DIRECCIÓN			
LOCALIDADE			
TELÉFONO			
MEMBROS UNIDADE FAMILIAR			

BREVE DESCRICIÓN DOS INDICADORES OBSERVADOS

ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO CENTRO EDUCATIVO

ENTREVISTA COA ALUMNA/O ☐





ENTREVISTA COA FAMILIA ☐

OUTRAS INTERVENCIÓNS ☐

OUTRA INFORMACIÓN RELEVANTE

En _____ a _____ de _____ de _____

Asinado:



**PROTOCOLO DE
ACTUACIÓN
CONTRA A VIOLENCIA
NA INFANCIA E NA
ADOLESCENCIA NO
ÁMBITO EDUCATIVO**



**XUNTA
DE GALICIA**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL
Y DEPORTES